

PROXECTO DE ANIMACIÓN Á LECTURA

"O BERBERECHO REBECHO VIAXA A LA TURBALLE"

*BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL
DE CAMARIÑAS*

*ANA MARÍA MARTÍNEZ DÍAZ
MARINA RAMOS MARTÍN*

ÍNDICE

1. Nome do proxecto

2. Obxectivos

2.1 Obxectivos Xerais

2.2 Obxectivos Específicos

3. Metodoloxía

3.1 Obradoiros infantín *O Berberecho Rebecho*

3.2 *Exposición de la Turballe*

3.3 *O pincel dos berberechos*

3.4 *Os berberechos comen peixe*

3.5 *Os agasallos de le Palourde Loulou*

4. *Finalidade*

5. *Desenvolvemento*

6. *Criterios e procedementos de avaliación da súa efectividade*

7. *Posibilidade de prolongación ou mellora do proxecto*

8. *Ligazóns*

9. *Anexos*

1. NOME DO PROXECTO

O BERBERECHO REBECHO VIAXA A LA TURBALLE

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a lectura entre nenos e adultos, co fin de fidelizar e incrementar usuarios e o número de préstamos.
- Promover o uso de recursos, materiais e servizos da biblioteca dentro da comunidade.
- Dar a coñecer a cultura francesa, especificamente a da comunidade La Turballe.
- Mostrar a biblioteca coma referente lúdico e instrutivo.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Por en valor as diferentes seccións da biblioteca (ciencias sociais, ciencias naturais, gastronomía, tecnoloxía...)
- Potenciar a creatividade e o maxín por medio da lectura.
- Cultivar a identidade local de carácter mariñeiro.

3. METODOLOXÍA

3.1 OBRADOIROS INFANTÍS O BERBERECHO REBECHO

O Obradoiro "O Berberecho Rebecho viaxa a La Turballe" xorde como unha nova edición dos obradoiros de animación á lectura impartidos na Biblioteca Pública Municipal de Camariñas.

Estes talleres organízanse con carácter anual, impártense en ciclos temáticos de 8 sesións dunha hora semanal por grupo de idade e teñen como mascota ao Berberecho Rebecho, un berberecho que vive nas praias da nosa vila, moi culto e entendido, rebuldeiro, extrovertido e con moitos amigos. Dirixido a nenos de educación infantil e primaria.

Nesta ocasión a nosa mascota, O Berberecho Rebecho, viaxa ata a vila francesa de La Turballe, para visitar á súa curmá Le Palourde Loulou. Para emprender esta viaxe preparamos unha variada maleta de ferramentas que usaremos para coñecer tódolos aspectos do país veciño. Nesta equipaxe non pode faltar material de viaxes, ciencia,

gastronomía, transportes, ficción, folclore, artesanía e todas aquelas materias necesarias para ter un coñecemento exhaustivo do destino marcado polo bivalvo.

A razón desta viaxe é potenciar o uso da biblioteca, facer dela un espazo aberto e accesible non só ao público infantil, senón a toda a comunidade tomando como escusa o irmanamento entre Camariñas e La Turballe no ano 2017.

La Turballe é unha vila francesa situada na zona atlántica, na rexión dos Países do Loira, no cantón de Guérande. Comparte moitas similitudes con Camariñas, a máis importante de todas vén provocada polo feito de ser portos pesqueiros do atlántico, tamén diferencias que non enriquecen mutuamente.

O obradoiro organizouse nas seguintes sesións

Elaborouse previamente un rudimentario relato ilustrado (ANEXO 1) que ten como temática a viaxe do Berberecho á vila francesa de La Turballe con motivo de visitar a súa curmá Le Palourde Loulou. O protagonista do relato, o berberecho, é conducido pola localidade francesa da man da ameixa Loulou que reside alí cos seus pais adoptivos, O mexillón Lambón e La Huître Jolie. Durante a súa estancia o Berberecho Rebecho afianza vínculos filiais e descubre o patrimonio cultural e natural, costumes, gastronomía, ocio, ocupación... da vila do Loira.

Esta narración convértese no fío condutor que introduce cada sesión e a vai derivando cara diferentes temas, tales como as relacións familiares, a afinidade entre culturais, o coñecemento do entorno, etc

-Desenvolvemento do obradoiro-

A dinámica común a tódalas sesións baséase na lectura e na utilización dos recursos da biblioteca. Preténdese promover o hábito lector desde as idades máis temperás, atendendo a diferentes estímulos e creando un ambiente lúdico. Ao final de cada sesión os usuarios fan uso do servizo de préstamo e establécese un cambio de impresións entre eles.

PRIMEIRA SESIÓN

Presentación do proxecto O Berberecho Rebecho viaxa a La Turballe. Realizouse na biblioteca e foron convocados ao acto de presentación os nenos-as inscritos na actividade e os seus pais-nais ou representantes. Trouxemos como invitada a una nai residente en Camariñas de nacionalidade francesa. O acto consistiu nunha xuntanza na que se lles mostrou aos proxenitores o tema elixido esta vez para o obradoiro de lectura e cales foron as motivacións. Mostrouse o libriño que leva o mesmo título do obradoiro

sobre o que se traballaría de aquí en adiante.

Para o desenvolvemento desta primeira sesión preparamos unha presentación dixital na que se trataron cuestións coma a situación xeográfica, a lingua, cultura de Francia en xeral e de La Turballe en particular. A persoa voluntaria relatou algunhas vivencias persoais e agasalounos con pequenas cancións na lingua francesa.

Realizouse un percorrido usando como ferramenta o google maps de tal xeito que puidemos visitar a poboación do Loira coma si estiveramos paseando polas súas rúas.

Por último expuxemos fotos, folletos, mapas, souvenirs e merchandising que a "association La Turballe cap Camariñas" nos enviou.

O obxectivo é presentar a temática do obradoiro e involucrar aos pais-nais na actividade mostrando os recursos da biblioteca.

SEGUNDA SESIÓN

No conto elaborado desde a biblioteca que funciona como motor do obradoiro, o Berberecho parte rumbo a Francia a visitar a súa curmá Loulou La Palourde, para iso colle a súa gamela "A Caramiña". Utilízase este recurso para falar sobre os medios de transporte. Búscanse libros que traten sobre esta temática. Establécese unha clara diferenza entre os medios que se utilizan para transporte de pasaxeiros e os que se utilizan para transporte de mercadorías, facendo especial fincapé naqueles que corresponden ao medio mariño como é o caso da gamela usada polo Berberecho ou o *bateau*, utilizado na vila irmá para o desprazamento polas salinas.

Como actividade complementaria entregóuselle aos usuarios material didáctico que consiste en xogos de asociación co fin de que identificaran o transporte co medio ao que pertence e polo que circula. Tamén se repartiron plantillas recortables para que cada neno montara o seu propio vehículo en 3D.

Obxectivo: Afianzar a comprensión lectora desenvolvendo un dos contidos do relato e localizar na sección infantil libros sobre transportes.

TERCEIRA SESIÓN

Na lectura reservada para esta sesión faise referencia ás salinas e á extracción da Flor de sal, aproveitamos este feito para por en valor os libros de ciencias mostrando aos usuarios unha nova sección na biblioteca.

Como práctica centrámonos na proceso de salinización polo cal o sal se extrae do

mar en grandes instalacións chamadas salinas. As salinas son en realidade depósitos de pouca profundidade nos que se acumula auga do mar. Polo efecto do sol e do vento, a auga desaparece pouco a pouco ou, mellor dito, a auga evapórase. Co fin de que os nenos comprendan este proceso ideamos a creación dunha pequena salina con material reciclado para que os usuarios poidan experimentar o proceso físico da evaporación e o proceso químico da cristalización. O nenos puideron comprobar ao longo dos días como foi evolucionando o experimento, no que participaron activamente aportando os materiais necesarios para a construción do mesmo (plásticos, pedras, auga do mar, goma eva, elementos de fixación...).

Como complemento mostráronse fotografías reais da zona francesa onde se cultiva a Flor de Sal nas salinas.

Esta salina foi un elemento moi chamativo na exposición que se elaborou ao final do obradoiro.

Con esta iniciativa cumprimos o obxectivo de vencellar o espírito científico coa lectura.

CUARTA SESIÓN

Continuando o fío do relato o Berberecho degusta unha merenda típica francesa que lle prepara a súa familia a base de *crêpes* e caramelo de manteiga salgada, que se elabora a partir da Flor de Sal.

Como viñamos facendo ata agora aproveitamos esta circunstancia para introducirmos para introducirmos na materia da gastronomía. Repartimos a receita do caramelo salgado de manteiga, das *crêpes* e filloas entre os nenos/as, lémolas, mostramos os ingredientes e coa axuda dos pais elaboramos as receitas.

O proceso foi o seguinte: na anterior sesión invitouse aos pais a participar nunha sesión gastronómica e solicitouse a súa colaboración para aportar os ingredientes culinarios precisos para levar a cabo a actividade . O Concello aportou os aparellos de cociña. O mesmo día da actividade xuntamos aos nenos/as de diferentes grupos de idade. Primeiro traballouse o aspecto da lectura cos nenos/as lendo o conto e as receitas para chegar á comprensión dos pasos no proceso de elaboración da receita e fixándose na peculiar estrutura deste tipo de textos. Posteriormente incorpóranse os adultos/as e iniciamos o proceso de elaboración das filloas, *crêpes* e o caramelo salgado de manteiga a partir das receitas. Os ingredientes foron colocados nun lugar visible e accesible, de xeito que os rapaces/as puideron tocalos, ulilos e degustalos.

Por unha parte, pretendeuse acadar o obxectivo de visualizar a sección gastronómica, tanto para adultos como para nenos. Resaltar diferencias e similitudes na

gastronomía entre as dúas vilas e descubrir novos produtos e elaboracións culinarias a través da lectura e estimular os sentidos a través da experimentación.

QUINTA SESIÓN

Na lectura do día, a nosa mascota, o Berberecho Rebecho, da man da súa familia francesa, coñece Le Moulin de Kerbroué e a igrexa de Trescalán, dous monumentos emblemáticos de La Turballe.

Tomando como punto de referencia o libro de Pepe Carreiro *Os Bolechas queren saber como é o noso Patrimonio Cultural*, ed, A Nosa Terra, D.L. 2008. e outros que falan de construcións. Os nenos/as realizaron unha primeira toma de contacto coas construcións características de Galicia.

Coa intención de non ser exhaustivos centrámonos nun monumento relixioso (a igrexa) e un de arquitectura civil (o muíño) claros referentes da vila francesa e da vila camariñá: Emparellamos a igrexa de Trescalán co igrexa de San Xurxo e Le Moulin de Kerbroué cos Muíño do Vento de Camariñas. Conversamos sobre o uso que se fai ou facía de cada un dos edificios e valoramos a súa faceta estética.

Para contribuír a unha mellor comprensión dos conceptos os nenos/as crean o seu propio muíño a pequena escala a partir de materiais reciclados (tubo de papel hixiénico, cartóns, cartolinas...) e colaboran na construción dun gran muíño, de características similares ao orixinal.

Este muíño máis grande, xunto coa salina, serán elementos importantes na exposición.

O obxectivo específico é potenciar a creatividade para chegar ao coñecemento do patrimonio histórico-cultural.

SEXTA SESIÓN

Lemos as páxinas nas que O Berberecho Rebecho e Le Palourde Loulou visitan a lonxa e o museo-barco “Au grè des Vents” .

O museo-barco “Au grè des Vents” é un antigo barco de La Turballe que se adicaba á pesca da sardiña e converteron en museo. No seu interior pódense atopar trebellos de pesca e recrearse na vida do mariñeiro.

Tanto o museo-barco coma a lonxa, mostran o estilo de vida de ambas vilas cunha identidade claramente mariñeira.

Unha visita virtual á lonxa ponnos en contacto con diferentes variedades de peixes

e mariscos. Traballamos a súa identificación e nalgún caso xogamos coas diferencias lingüísticas entre ambos países.

A lonxa conforma o punto intermedio entre a captura do peixe no mar e a súa distribución na terra, ben para o consumo directo ou para a súa posterior elaboración, como é o caso das conserveiras.

Acolléndose á temática mariñeira, elaboramos unha baralla baseándonos no *xogo das sete familias*. O xogo consiste en emparellar cada membro de familia (pai, *père*; nai, *mère*; irmán, *frère* e irmá, *soeur*) dentro da mesma especie (sardiña, *sardine*; cangrexo, *crabe*; berberecho, *cocque*; ameixa, *palourde*; ostra, *huître*; mexillón, *moule* e xiba, *sépia*).

Cada neno/a elabora a súa propia baralla nun proceso que implica recortar a cartolina, debuxar os animais seguindo unhas indicacións previas, etiquétalas co nome da especie e do membro da familia en galego e en francés, colorealas e esmaltalas. Unha vez rematada a elaboración explícaselles as regras do xogo e ao mesmo tempo practícase co breve vocabulario en ambas linguas.

Cada neno terá o seu propio xogo de cartas que poderá levar para casa e compartir momentos de ocio coa súa familia.

O obxectivo acadado foi coñecer a cultura mariñeira a través do xogo e da lectura así como introducirmos na diversidade lingüística.

SÉPTIMA SESIÓN

Seguimos coa lectura do conto na páxina en que o Berberecho e Loulou van ao museo “La Maison de la Pêche”. No seu interior podemos sumerxirnos na historia da pesca, apreciar como foi evolucionando o porto de La Turballe a través de fotos, os diferentes aparellos que utilizaban, etc . No museo pódese asistir a un taller de nós mariñeiros.

Os nosos berberechiños tamén queren ir a un museo, entón desprazámonos ao museo do Encaixe que queda xusto ao lado da biblioteca. Alí puideron admirar a nosa artesanía local, a súa beleza, a forma en que está exposta e atender as explicacións da guía que lles foi mostrando as características dos labores dun xeito sinxelo.

Obxectivo: Coñecer o museo como lugar de conservación da arte e cultura dun lugar.

OITAVA SESIÓN

Rematamos a lectura do libro. O Berberecho e a súa familia pasan a tarde na praia de *Pen Bron* contemplando a *Dune Blanche*. Invádelles a morriña pola súa terra e quedan abraiados pola fermosura da posta do sol.

Este momento de comunión coa natureza dánmos pé para ler poesía e escoitar cancións. Introducímonos nunha velada literaria cos poemas de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas (“O paspallás e o sol”) e Gloria Fuertes (“Mi amigo el sol”) previamente seleccionamos. E para rematar cantamos e bailamos coa música de Magín Blanco incidindo no tema “ Calquera noite o sol pode brillar”.

Obxectivo, fomentar o interese por descubrir a beleza e a mensaxe que todo poema e canción contén, desenvolvendo o gusto pola literatura a través dos autores e das obras máis representativas.

3.2 EXPOSICIÓN DE LA TURBALLE

Habilitamos un recuncho da biblioteca no que se expuxeron as elaboracións que os participantes foron realizando ao longo do obradoiro, e tamén, libros de fotografías sobre o cantón de Loira (*Le Pays de Guérande Plumes et paysages*; photographies de Jean Marie Lecomte; recherche de textes, Nadine Dumas), libros de novela agasallo da Asociación francesa La Turballe cap Camariñas, folletos, camisetas e panos co símbolo do irmanamento, artesanía da localidade francesa (chaveiros de nós mariñeiros, sacos aromáticos coa forma de peixe), pins e obxectos variados con símbolos mariñeiros.

Entre as elaboracións propias destacar o Muíño de Kerbroué que preside coma un faro a exposición e a salina que realizaron os nenos-as con material de reciclaxe.

Este espazo transformouse nun punto de información sobre a vila irmá de La Turballe e despertou grande interese entre a poboación, converténdose nun atractivo máis da nosa biblioteca

3.3 O PINCEL DOS BERBERECHOS

A partir do obradoiro do Berberecho creouse un interesante diálogo entre os nenos/as franceses de La Turballe e os nenos/as do noso concello. Coa colaboración da *Asociación La Turballe cap Camariñas* e o servizo de *Desenvolvemento Local* do noso concello puxémonos en contacto cos centros educativos de ámbalas localidades e conseguimos unha ampla galería de debuxos que podedes visitar nos enlaces que indicamos no apartado pertinente. De tal xeito estableceuse unha fermosa comunicación por medio desta manifestación artística sen necesidade de usar e coñecer as diferentes linguas. Tamén un interesante intercambio de agasallos estre iguais.

Os colexios participantes foron, pola parte francesa, École Jules Verne e École de Enfants Sainte Anne, pola nosa parte C.E.I.P Camelle, C.E.I.P. Ponte do Porto e C.E.I.P. O Areal de Camariñas. Os nenos/as camariñáns mostraron nos seus debuxos a súa

percepción de Camariñas e os nenos de La Turballe a súa sobre a vila gala. Barcos, peixes, praias, monumentos representativos e moito mar foron os elementos máis empregados polos nenos/as de ambos países.

3.4. OS BERBERECHOS COMEN PEIXE

Continuamos coa liña deste proxecto en canto establecer lazos de unión coa poboación irmá tomando como ferramentas ou recursos bibliotecarios.

O peixe é o fundamento que preside calquera cultura mariñeira. Un importante punto de encontro entre as dúas vilas. Está a desenvolvéndose unha iniciativa gastronómica que consiste en recompilar receitas que teñan este produto como principal ingrediente. Neste proceso están invitados todos/as veciños/as da nosa vila e os da francesa. Trátase de compartir aquelas receitas, técnicas culinarias e peculiaridades de cada lugar no tratamento do peixe. A información do proxecto é difundida a través dos taboleiros da biblioteca e espazos municipais onde se reúnen os adultos a practicar algunha actividade grupal (centros socioculturais, centros educativos, centro de saúde).

O obxectivo desta actividade é editar un libro que recolla as receitas máis significativas de cada zona.

Os nosos veciños franceses xa nos enviaron algunhas das súas receltas típicas coa Flor de sal e peixe.

De salines en cuisines, 60 recettes inspirées par le sel de Guérande .

3.5 OS AGASALLOS DE LE PALOURDE LOULOU

Nunha das visitas a Camariñas, os nosos irmáns de La Turballe agasalláronnos cunha excelente selección de obras de autores franceses contemporáneos e clásicos do século XIX. Este lote de novelas é o que denominamos *Os agasallos de Loulou La Palourde*.

Para que os usuarios da biblioteca tiveran coñecemento deste presente elaboramos un boletín (ANEXO 2) no que se detallan os autores e as obras das novelas doadas, xunto cunha pequena descrición biográfica e argumental.

No boletín ademais incluimos unha análise de todas as obras destes autores que podemos atopar na biblioteca, na eBiblio GaliciaLe e no banco de libros da biblioteca.

O boletín permitiunos visualizar os fondos da biblioteca, fomentar o uso de

Galicia (plataforma de préstamo de obras en formato electrónico da Rede de bibliotecas de Galicia) e do Banco de Libros.

O Banco de Libros é un servizo exclusivo da nosa biblioteca que consiste nun depósito de material bibliográfico que nace de doazóns de particulares e institucións e de libros duplicados ou expurgados da biblioteca. Están expostos nun listado, procedente dunha base de datos, ao que se pode acceder desde a web do concello (www.camarinas.net) e poden ser solicitados por calquera usuario da biblioteca. Os libros cédense gratuitamente e pasan a ser propiedade do lector solicitante.

Entres os exemplares agasallados atopamos as obras de figuras sobranceiras do século XIX francés coma Honoré de Balzac (representante do Realismo), Guy de Maupassant (representante do Naturalismo) e Alphonse Daudet, próximo a estas tendencias literarias. Tamén autores contemporáneos, gañadores do premio Goncourt, un dos premios literarios máis importantes de Francia (Romain Gary, Michel Tournier), e do prestixioso Premio Nóbel de literatura (J.M.G. Le Clézio).

✿ Agasallos que o Berberecho trouxo de La Turballe (relación de libros):

- Balzac, Honoré de. *Le Colonel Chabert*. Éditions Gallimard, D.L. 2016
- Daudet, Alphonse. *Lettres de mon moulin*. Éditions Gallimard, D.L. 2016
- Maupassant, Guy de. *Une vie et autres récits de destins de femmes de Gary.paris, Hatier, 2013*
- Gary, Romain (Émile Ajar). *La vie devant soi*, Éditions Gallimard,D.L. 2018
- Tournier, Michel. *Vendredi ou la vie sauvage*.Éditions Flammarion, 2011
- Deforges, Régine. *La Bicyclette bleue*. Éditions Fayard, 2016
- Le Clézio, J.M.G. *Tempête. Deux novellas*. Éditions Gallimard,D.L. 2018
- Pennac, Daniel. *Au bonheur des ogres*. Éditions Gallimard,D.L. 2017
- Schmitt, Eric-Emmanuel. *L'Élixir d'amour*. Éditions Albin Michel,D.L. 2016
- Schmitt, Eric-Emmanuel. *Óscar et la dame rose*. Éditions Albin Michel,D.L. 2006
- *T`choupi fait du vélo*; illustrations de Thierry Courtin; couleurs de Sophie Courtin (infantil)
- *Jelis avec les animaux de la mer* de Yvette Barbetti (infantil)
- *Je découvre les moyens de transport*, Sylvie Albou- Tabart, Elisabeth Le Bris, Jérôme Erbin, Dominique Foufelle; ilustreurs, Fabienne Gallois, Dylan Grosdemange/Pelot.(infantil)

✿ Fondos bibliográficos que hai na biblioteca de Camariñas dos mesmos autores:

- Balzac, Honoré de; O tío Goriot, tradución Antonio Pichel; editorial Galaxia, 1994.
- Balzac, Honoré de; Eugenia Grandet; traducción de Luis Romero, RBA Editores, 1995.
- Balzac, Honoré de; El cura de aldea, Barcelona, Producciones Editoriales, 1971.
- Balzac, Honoré de; La búsqueda del absoluto, traducción de Javier Albiñana, Barcelona, Destino, 1989
- Balzac, Honoré de; A curmá Bette, traducción Ana María Gallego Gen, Noia, Toxosoutos, 2008.
- Daudet, Alphonse, Tartarin de Tarascón, traducción de Francisco Ortiz Chaparro, ilustración, Gerardo Domínguez Amorín, ed. Anaya, 1984.
- Maupassant, Guy de, Mi tío Jules y otros seres marginales; selección y traducción Esther Benítez, Alianza editorial, 1987
- Maupassant, Guy de, O doutor Héraclius Gloss, tradución e notas, Marie Abaira, ed. Hugin e Munin, 2015.
- Pennac, Daniel ; Como unha novela, tradución de Emma Lázare e Moncha Fuentes Arias; editorial Xerais, 1993.
- Pennac, Daniel; Kamo y yo, tradución Miguel Azaola, Ediciones SM, 1997
- Schmitt, Eric-Emmanuel ; O señor Ibrahim e as flores do Corán, tradución de Emma Lázare Rodríguez, ed. Faktoría K de libros, 2007.

✿ Fondos bibliográficos dos mesmos autores na ebiblio GaliciaLe

- El caso Malaussène (vol. 1: Me mintieron; Daniel Pennac, traducción de Robert-Juan Cantavella. Penguin Random House, 2018.

No ANEXO 3 pódense ver fotografías de algún dos momentos da realización do proxecto.

4. FINALIDADE

Promover a lectura, así coma os recursos e servizos da biblioteca municipal dentro da comunidade tomando como escusa o acto de irmandade entre a nosa localidade e a vila francesa de La Turballe.

5. DESENVOLVEMENTO

Tódolos anos na biblioteca vimos ofrecendo o obradoiro de animación á lectura *O Berberecho Rebecho* para nenos/as de infantil e primaria. Observamos unha crecente demanda por parte dos pequenos e as súas familias. Este feito animounos a ofrecer outro

tipo de servizos e actividades nas que os adultos (pais, nais, familiares dos nenos/as e en xeral, outros colectivos) se sentiran identificados e formaran parte da nosa comunidade bibliotecaria.

A forma de facelo foi implicar aos adultos no desenvolvemento do obradoiro como parte esencial da súa metodoloxía e crear actividades e servizos específicos para eles. Como exemplo disto podemos salientar a participación dos pais/nais na presentación do proxecto, as xornadas gastronómicas e a creación do boletín de lecturas.

Durante a realización do proxecto no que estiveron implicados o servizo de biblioteca, cultura pero tamén o servizo de desenvolvemento, a asociación francesa *La Turballe Cap Camariñas*, os centros educativos, o Concello de Camariñas e o Concello de La Turballe xurdiron iniciativas moi interesantes que nos enriqueceron culturalmente, nutríndonos coas diferencias e reforzando as similitudes, tales como o intercambio de debuxos entre os nenos/as das escolas, lecturas compartidas de libros, elaboración de recetarios...

De especial importancia é a resposta que os compañeiros franceses tiveron do libriño confeccionado para o obradoiro. Sorprendéronnos coa súa tradución, realizada por Rodrigo Márquez e a promesa de realizar eles unha réplica á inversa. Deste xeito *O Berberecho Rebecho viaxa a La Turballe* converteuse en *La coque Rebecha voyage jusqu' a La Turballe*. O noso berberecho orixinal cambiou de xénero polas circunstancias da lingua.

O que nun principio era un obradoiro infantil con participación de adultos converteuse nun proxecto que implicaba aos membros de toda toda a comunidade. A biblioteca como motor inspirador deste proxecto saíu reforzada coma axente socializador.

Os recursos humanos implicados na elaboración e execución do proxecto foron a bibliotecaria e unha técnica en animación sociocultural. Sen esquecer, a colaboración con voluntarios, o servizo de desenvolvemento local e a asociación francesa La Turballe cap Camariñas.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA SÚA EFECTIVIDADE

Consideramos que o contexto no que o realizou o proxecto aproveitando a oportunidade que nos brindou o proceso de irmandade foi acertado.

Sentimos que os obxectivos marcados foron acadados, pero o que máis nos satisfai é que a idea orixinal reforzouse e enriqueceuse coas accións das diferentes sinerxias que este ocasionou.

Os resultados da avaliación achéganse a este parámetros:

- Incremento do número de préstamos
- Incremento de socios
- Incremento de visitas á biblioteca
- Visualización externa da biblioteca
- Colaboración con outros servizos e institucións municipais
- Consultas sobre a literatura francesa por parte dos usuarios.
- Suxerencias para a ampliación e mellora dos obradoiros por parte dos usuarios.
- Aumento do número de adultos implicados nas actividades programadas pola biblioteca.
- Receptividade por parte dos destinatarios.
- Cooperación e reciprocidade coa vila irmá de La Turballe.

Datos substraídos do Programa Meiga, entrevista persoais, caixa de suxestións, conversas distendidas, creación de grupo de debate mediante a mensaxería móbil de whatsapp.

7. POSIBILIDADE DE PROLONGACIÓN E/OU MELLORA DO PROXECTO.

O proxecto de animación á lectura seguirá funcionando en novas edicións, agora mesmo estamos implicados nun novo obradoiro que ten coma temática a multiculturalidade no noso concello.

Se nos centramos especificamente no Obradoiro de La Turballe temos pendente a confección dunha selección de libros para responder ao presente que eles nos fixeron. Queremos implicar aos usuarios da biblioteca na elaboración deste agasallo por iso solicitamos que nos recomenden a lectura que a eles recomendarían en lingua galega e castelá.

8. LIGAZÓNS

Ligazóns do intercambio de debuxos entre Camariñas e La Turballe:

Debuxos nenos/as Camariñas <https://www.youtube.com/watch?v=v2tdAGypclk&list=PLMyhuy2Tv8dExxrjKHdrcepeOum6YwxTO>

Debuxos nenos/as La Turballe <https://www.youtube.com/watch?v=Vu7J6QjRiWk&list=PLMyhuy2Tv8dExxrjKHdrcepeOum6YwxTO&index=3>

9. ANEXOS

A continuación móstranse os anexos a este proxecto:

ANEXO 1: Conto do Berberecho Rebecho orixinal e versión francesa.

ANEXO 2: Boletín de Lecturas

ANEXO 3: Galería fotográfica.



O Berberecho Rebecho está na súa casa en Camariñas. Soa o teléfono. Chama a súa curmá francesa La Palourde Loulou. Ela vive nunha fermosa vila chamada La Turballe.



La Palourde Loulou convida ao Berberecho Rebecho a pasar uns días en familia na súa casa en Francia. Ten moitas ganas de velo!



O Berberecho Rebecho está moi ilusionado. Fai as maletas e parte rumbo as costas francesas na súa gamela "A Caramiña".



No peirao está esperando toda a familia: o tío Mexillón Lambón, a tía Huître Jolie e a curmá Palourde Loulou. Dánlle unha cálida benvida.



Ao outro día colleron un tren moi xeitoso que os levou ás salinas. As salinas son o lugar onde se recolle o sal do mar dun xeito natural. A auga do mar evapórase durante o día e o sal xorde á superficie.



A curmá Loulou amósalle ao Berberecho Rebecho cómo se recolle a *Flor de sal*. Xusto ao fresco do luscofusco e cunhas pás axeitadas, amontoase o sal nas beiras das salinas e deixase secar co sol e o aire. Cando se colleita non pode haber vento, pois o sal afundiríase na auga. A flor de sal ten moito valor e é natural.



Logo da excursión, o Berberecho Rebecho e le Palourde Loulou estaban esfameados. A tía huître Jolie e o tío Mexillón Lambón prepararon a merenda. Fixeron unhas crêpes e coa flor da sal un caramelo de manteiga salada. Estaba todo boísimo.



Seguinte parada!: Muiño de Kerbroué. As súas aspas miden 52 metros. Ao moverse poñen en funcionamento un complexo mecanismo. É quen de moer o gran para obter a fariña a catro niveis. Funcionou ata 1960. Ao berberecho Rebecho parécelle moi fermoso. Recorda que en Galicia coñece un muiño que funciona coa auga.



A curmá Loulou amósalle ao Berberecho Rebecho a gran torre da igrexa de Trescalán. Mide 33 metros e ten 110 escalóns! Pódese subir ata arriba e ver de marabilla tódalas casiñas e o mar. É un fermoso lugar para ver a posta do sol. Hoxe irán cedo para a cama pois mañán espéralles un día moi especial.



Moi cediño pola mañán, o Berberecho Rebecho e Le Paloude Loilou baixron até o peirao para vela subasta do peixe. Os barquiños chegan todos os días cargados do mar para vender na lonxa. Aquí pódese ver como os compradores e os vendedores puxan polo peixe que máis lle convén.



Ao remate da subasta da lonxa foron visitar ó barco da sardiña '*Au gres des Vents*'. Subiron a bordo e virón tódolos aparellos e trebellos de pesca. Este barco daba de comer a 13 mariñeiros, mide máis de 15 metros; o casco é de carballo e a ponte de piñeiro. O Berberecho Rebecho e de Paloude Loulou estaban fascinados! - Que duro tiña que ser o traballo do mar!.



Aínda queda tempo para visitar o museo "Maison de la Pêche". Hai moitas fotos, amosan como foi medrando o porto. Ao remate da visita, o Berberecho Rebecho e le Palourde Loulou asisten a un obradoiro de facer nós. Cada quen pode facer seu chaveiro.



Son unhas vacacións formidables. O Berberecho Rebecho pasa a derradeira tarde pola praia de Pen Bron contemplando á "Dune Blanche". Ao Berberecho lémbrale ao Monte Branco de Camariñas. Toda a familia pasea pola ribeira. Ao caer a noite quedan abraiados pola fermosura da posta do sol. Ogallá en pouco tempo nos vexamos en Camariñas!

Creación e collages: Marina Ramos

Maquetación informática: Marina Ramos

Texto: Ana Martínez e Marina Ramos

Imaxes:

Salinas: https://www.inrap.fr/dossiers/Archeologie-du-Sel/Qu-est-ce-que-le-sel-/Les-modes-de-production#.Wq_qD-jOW1s

Maletas: https://es.pngtree.com/freepng/suitcase_1184101.html

Musée de la pêche: <https://www.familiscope.fr/sorties-famille/visites/musee-la-maison-de-la-peche-la-turballe/>

Ollos: <https://www.pinterest.com/pin/484137028674324481/>

Patiñas: https://www.google.es/search?tbm=isch&sa=1&ei=oOqvWtn9F9HaUpeApLgK&q=15946491-ilustraci-n-de-varios-tramos-con-zapato&oq=15946491-ilustraci-n-de-varios-tramos-con-zapato&gs_l=psy-ab.3...77871.77871.0.78411.1.1.0.0.0.126.126.0j1.1.0....0...1c.1.64.psy-ab..0.0.0....0.7G8ySqpHtn0#imgsrc=QbXYAZduyCTH_M:

Remos: https://it.123rf.com/photo_46352090_kayak-e-pagaia-illustrazione-vettoriale-di-attivita%C3%A0-all-aperto-elementi-kayak-e-canottaggio-remo-kayak.html

Salvavidas: <http://www.enjoythegames.com.mx/index.php?Cat=5&name=Acuaticos>

Ameixa: <http://www.mariscoriasbajas.com/almejas-frescas/49-almeja-babosa-50-60.html>

Avión de papel: https://www.flaticon.es/icono-gratis/avion-de-papel-en-perspectiva_16774

Berberecho: <https://www.vaiapeixe.com/index.php/es/mariscos/berberecho>

Barquiña: <https://www.canonistas.com/foros/showthread.php?t=254609>

Tarro caramelo de sal: <https://www.auxdelicesdupalais.net/article-recette-caramel-au-beurre-sale-inratable-114844298.html>

Chourizos: <https://escultorfpiindustrialimentaria.wordpress.com/2017/03/22/que-sabes-de-los-chorizos/>

Ostras: <http://www.mariscosgontelo.com/comprar-marisco/35-comprar-ostras>

Boina: https://www.freepik.es/iconos-gratis/forma-negro-boina_745732.htm

Lonxa, salinas, paisaxes, muíño de Kerbroué, torre de Trescalán, tren turístico, porto e outras imaxes do lugar: <http://www.tourisme-laturballe.fr/>

Mapa de europa: https://www.google.es/search?q=mapa-polc3adtico-de-europa2&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=0ahUKEwiw5uGW7_jZAhUMtRQKHRgWDt4Q_AUICygC&biw=1024&bih=662#imgsrc=i99t0B8NA763M:

Mesas e cadeiras: https://www.google.es/search?q=mesa-sillas-jardin-carrefour&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=0ahUKEwjBrpmn7_jZAhWJthQKHRFID6AQ_AUICygC&biw=1024&bih=662#imgsrc=mjy2rAVZc8FbCM:

Mexillón: https://www.google.es/search?biw=1024&bih=662&tbm=isch&sa=1&ei=uO2vWoWLN4ryUoiWsegO&q=mejillon-fresco-20-30&oq=mejillon-fresco-20-30&gs_l=psy-ab.3...65277.65277.0.66220.1.1.0.0.0.107.107.0j1.1.0....0...1c.2.64.psy-ab..0.0.0....0.LH7YLnKhzfU

Sala de estar: Cedida por Lucía Baña Ponte.

Teléfono: <https://www.freepik.es/iconos-gratis/tecnologia>

Posta de sol: <http://www.hdfondos.org/paisajes/puesta-del-sol-reflejada-en-el-mar.html>

